

A CIAMBRA

Dirección e guión Jonas Carpignano **Ano** 2017 **Duración** 118 min. **Fotografía** Tim Curtin **Montaxe** Affonso Gonçalves **Produtora** Stayblack Productions, RT Features, Sikelia Productions, Rai Cinema, DCM Pictures **Elenco** Damiano Amato, Iolanda Amato, Koudous Seihon, Pio Amato **Distribución** D'A Tour

Sinopse Aos 14 anos, Pio Amato quere medrar de présa. Igual có seu irmán maior, Cosimo, Pio bebe, fuma e aprende a dar pequenos golpes na rúa. Un día, Cosimo fica incapaz de coidar da familia, polo que Pio asume o seu lugar. Cun papel tan importante nas mans, Pio ha encarar unha escolla moi complicada.

Galardóns Mellor actor (Pio Amato) no Festival de Sevilla • Nominado á mellor dirección nos Premios Independent Spirit • Mellor dirección e montaxe nos David di Donatello • Premio Label Europa Cinemas na Quinzena de Realizadores de Cannes.

A proxección d'A *Ciambra* forma parte do **Tour D'A 2018**, iniciativa destinada a descentralizar e difundir algúns dos filmes presentados no **D'A Film Festival** de Barcelona, cita imprescindible co mellor cinema independente feito actualmente no mundo.

PRÓXIMAS SESIÓNS DE MAIO

Martes 22 **STROMBOLI, TERRA DI DIO**
Roberto Rossellini, 1950, 81 min.

Martes 29 **TEOREMA**
Pier Paolo Pasolini, 1968, 100 min
Proxección en colaboración co Festival Flop Cinema

E NA CASA DAS CAMPÁS ÁS 20 h: MAIO, MES DA LINGUA 2018 #CINEMA
En colaboración co Servizo de Normalización do Concello de Pontevedra

Martes 15 **A PALABRA XUSTA**
Miguel Piñeiro, 2016, 71 min.

Mércores 23 **CONTRAFACES**
Fon Cortizo, 2015, 74 min.

www.facebook.com/cineclubepontevedra cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo



A CIAMBRA

JONAS CARPIGNANO



CINECLUBE PONTEVEDRA

O público da Quinzena de Realizadores do 70.º Festival de Cannes acolheu calorosamente o filme A Ciambra, segunda longametraxe do director italoamericano Jonas Carpignano, que se criou en Nova York. O filme conta a historia da comunidade cigana que vive en Gioia Tauro, Calabria, a través dos ollos dun mozo, Pio Amato.

Como se xestou o filme? Tralo teu último traballo, que trataba sobre a xente de África, querías que o público se fixase na comunidade cigana? Levo sete anos vivindo en Gioia Tauro. A idea era non facer un retrato impersoal da comunidade cigana. O meu punto de partida sempre é un personaxe, e esta vez quería contar a historia de Pio, a quen coñecín hai catro anos. Estaba facendo o casting e vin un rapaz de menos de doce anos que levaba posta unha chaqueta de coiro negro e que me pediu un cigarro. A súa actitude sorprendeume decontado, era tan diferente á dos outros...

E como coñeceches toda a comunidade? Iso comezou cun coche que nos roubaron cando estabamos rodando unha curta hai sete anos. Cando che rouban algo en Gioia Tauro, vas negociar coa comunidade cigana; acudín a ela e namorei da súa enerxía. Comecei a pasar o meu tempo na Ciambra, algo que fixen durante cinco anos, mentres pensaba no filme que quería facer. Establecín unha relación estreita coa familia Amato e fun adaptando o guión que xa tiña en mente, enriquecéndoo con elementos da súa vida real.

Na rodaxe, cinguícheste a un guión rixido ou había espazo para a improvisación? O meu método de traballo é escribir o guión mentres vivo a miña vida. Oíu certas frases, escriboas e insértoas no guión. Para este filme, coma xa fixera en *Mediterranea*, escollín actores non profesionais para os papeis principais, persoas que pertencían ao mundo que estaba a retratar. Pode parecer que todo está improvisado, mais había un guión e cinguímonos a el.

Cales foron os desafíos para realizar este filme con actores non profesionais? Foi difícil porque nunca fixeran un filme e porque a maioría das persoas non sabía ler. Non valía ir para a casa, estudar os textos e volver ao seguinte día para facer as escenas. Foi claramente unha aprendizaxe. Sempre que estabamos xuntos, eu explicaba que facer e como funcionaban os textos. Tivemos que traballar moito as escenas para comezar a rodar, con-

sumiamos moito tempo nesta preparación. Mais, por outra banda, houbo moitas facilidades, pois toda a xente interpretaba versións de si mesma, e foi moi doado para que conectasen emocionalmente coas súas escenas. Tiñan unha forte ligazón emocional cos seus personaxes e preparación abonda para os levar á escena.

O filme confirma uns cantos estereotipos, e dun modo realista... Mais non creo que difamase a comunidade cigana, á que amo con todo o meu corazón e á que considero a miña familia. O importante é amosar o lado humano, ver máis aló dos estereotipos. Eu tento evitar xogar a ser un benefactor, custe o que custe; o desafío que me formulo a min mesmo, e tamén ao público, é mostrar o que son en realidade, facerlle ver á xente que son persoas, igual ca nós, a pesar de que os vexamos roubando...

Martin Scorsese quería sumarse ao proxecto como produtor executivo. Como foi esa colaboración? Moi emocionante. Scorsese foi unha especie de guía espiritual. Encantoulle o álbum de fotos que fixen na Ciambra e pedíume ler o guión. Mais non tentou mudalo. Logo viu unha versión da montaxe, e deunos algúns consellos sobre os cortes e mailo son. Foi moi importante contar cos seus consellos.

Algunhas críticas sinalaron elementos neorrealistas no filme. Recoñece eses elementos? O neorrealismo asociámolo ao uso de non actores nas escenas, de xente da rúa, de distintos lugares, que contaban as súas historias. É algo coma dramatizar cousas e persoas na vida real. É obvio que hai esa conexión con este traballo. Mais, por outra banda, o cinema é diálogo, é unha linguaxe que envolve moitas cousas e que é influenciada por moitos outros lugares. O neorrealismo influenciou a *Nouvelle Vague* francesa, que á súa vez influenciou moitos outros movementos. É coma un ciclo, algúns filmes de hoxe tamén son clasificados coma *cinema reale*. É obvio que son filtros doutros movementos. Eu non sei se podemos calificar *A Ciambra* coma neorrealista. É algo diferente porque aconteceron moitas cousas den- de aquela, mais si é claro que a raíz é o neorrealismo.

Textos tirados de: <http://www.festivaldoriorio.com.br/br/noticias/o-diretor-italiano-jonas-carpignano-fala-sobre-a-ciambra> e <http://cineuropa.org/ff.aspx?t=ffocusinterview&l-es&-tid-3119&did-328886>. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.